

## PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

### A Reconquista da cidade de Vigo aos franceses

#### 5. Vigo réndese aos húsares de Nicolás

O 31 de xaneiro de 1809, Vigo entrégase aos franceses. Unha avanzada de soldados, enviada polo xeneral Franceschi, chega á vila e esixe a rendición. Así o contará o propio alcalde, Vázquez Varela: "Vímonos sorprendidos na mañá do mesmo trinta e un de xaneiro por unha compañía de húsares en número de cento trece homes que intimou a rendición, e admitiuna o comandante baixo unha capitulación que asinou, tendo xa na praza ao Inimigo, á que o día seguinte concorronerón mil douscentos homes de Infantaría francesa e aos tres días catrocentos cincuenta Dragóns".

A primeira reacción dos vigueses é rebelarse e tentar resistir. Pero o gobernador Juan de Villavicencio comparece na Gamboa e logra acougar un pouco os ánimos, mentres os franceses esperan fóra da muralla. A instancias do alcalde Vázquez Varela, reúnense os veciños na praza situada fronte á Casa da Vila, hoxe da Constitución. Alí, Villavicencio fala aos congregados e explícalles que, aínda que el mesmo empuñaría as armas como un máis, a prudencia empúrralle a decidir a rendición porque, como logo escribiría, non contaba "para a defensa da praza, con máis que trinta e nove soldados de cabalería, os inválidos, dezaoito oficiais e soldados extraviados do exército do Norte e os doscentos milicianos honrados; que todo non chega a trescentos homes útiles".

(...)

A pesar das protestas populares... os veciños abren a porta da Gamboa e entran dous escuadróns de húsares mandados polo maior Nicolás.

**La Voz de Galicia (01/02/2009)**

1. **Le** o texto anterior.
2. De que dúas autoridades viguesas se fala no texto? Que cargo tiña cada unha?
3. No texto fálase dos "húsares de Nicolás". Quen era Nicolás? Quen eran os húsares? Que outras forzas se uniron a estas o día 1 de febreiro de 1808?
4. **Elabora un esquema** cos corpos que integraban a **Infantaría** e a **Cabalaría Francesas**.
5. Forma un equipo de tres persoas, como máximo.

6. Buscade fotografías ou debuxos de cada un dos corpos que formaban a Infantaría e a Cabalaría. Gárdadeas na vosa carpeta.
7. **Elaborade un power-point de dez diapositivas.** En cada unha, insertade a fotografía dun corpo de exército, e escribide debaixo o seu nome.
8. Engadide unha diapositiva ó comienzo, co título (Uniformes franceses de Cabalaría e Infantaría) e outra ó remate cos nomes dos autores.

<http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2008/11/04/00161225821763826939655.htm>

<http://servicios.elcorreodigital.com/especiales/guerra-de-la-independencia-1808/index2.htm>

[http://images.google.es/imgres?imgurl=http://www.lebivouac.com/bulletin/Jouineau/Jouineau/17e\\_files/page66\\_1.jpg&imgrefurl=http://www.lebivouac.com/bulletin/Jouineau/Jouineau/17e.html&usg=YWYWxU9qX0mNsCiFRaKxfscdPmE=&h=780&w=410&sz=122&hl=es&start=73&um=1&tbnid=jWp0NI7IZUcT0M:&tbnh=142&tbnw=75&prev=/images%3Fq%3Dvoltigeur%26start%3D72%26ndsp%3D18%26um%3D1%26hl%3Des%26sa%3DN](http://images.google.es/imgres?imgurl=http://www.lebivouac.com/bulletin/Jouineau/Jouineau/17e_files/page66_1.jpg&imgrefurl=http://www.lebivouac.com/bulletin/Jouineau/Jouineau/17e.html&usg=YWYWxU9qX0mNsCiFRaKxfscdPmE=&h=780&w=410&sz=122&hl=es&start=73&um=1&tbnid=jWp0NI7IZUcT0M:&tbnh=142&tbnw=75&prev=/images%3Fq%3Dvoltigeur%26start%3D72%26ndsp%3D18%26um%3D1%26hl%3Des%26sa%3DN)

<http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/?q=node/452>

### **Se non sabes facer power-points, aquí tes un tutorial:**

<http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/?q=node/461>